

MOCIÓN DO GRUPO DE GOBERNO

Retirada de honores ao xeneral Franco

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 24 de novembro de 2008 o pleno da corporación do Concello do Grove aprobou a Moción presentada polo Bloque Nacionalista Galego instando ao cumprimento da chamada Lei da Memoria Histórica. Nos acordos aprobados incluíase (apartado 6) “Dedicarlle o nome da rúa onde vai ser instalado o novo edificio administrativo do Concello do Grove ao Alcalde Xacobe Barral Otero, pasando a denominarse deste xeito e colaborando así na restauración da súa memoria”. Dito acordo puido ser cumprido o pasado 14 de abril, case oito anos despois da aprobación da referida moción.

Sen embargo, quedan moitos outros pendentes de cumprimento, nomeadamente os seguintes:

- “1. (...) eliminar os símbolos, denominacións e referencias franquistas das rúas e edificios públicos (...)*
- 2. Condenar o franquismo, réxime ditatorial e antidemocrático, que ocasionou a represión e a violencia, en forma de cárcere, torturas, persecucións, fuxidas, fusilamentos e asasinatos a moitas decenas de familias grovenses”.*

Neste punto un avance foi producido precisamente no ano 2008 coa eliminación do monólito “Aos caídos” que estaba situado na Fonte do Galo. Pero segue quedando moito traballo por facer. A Lei da Memoria Histórica (Lei 52/2007) que segue vixente a día de hoxe supuxo, segundo se recollía na moción de 2008 *“recoñecer e ampliar os dereitos e establecer medidas a favor dos que padeceran persecución ou violencia durante a Guerra Civil e a Ditadura (...) contempla medidas para dignificar a memoria das vítimas da represión; sendo a motivación doutras decisións institucionais posteriores como a que, en outubro de 2008, levou ao parlamento de Galicia a aprobar un acordo no relativo a este tema”.*

Deste xeito, volve a ser responsabilidade do Concello do Grove dar cumprimento aos mandatos legais e democráticos e, sobre todo, aos de responsabilidade histórica e moral. O Pleno do Concello do Grove reunido o día 20 de setembro de 1949 recolle nas súas actas, en virtude “del artículo 58 de la vigente ley municipal de 31 de octubre de 1935” unha serie de honores relativos tanto á creación da “Medalla de la Villa de El Grove” como ao homenaxe a “S.E. El Jefe del Estado y Caudillo de la Patria” recollendo o seguinte texto:

“Los relevantes méritos contraídos con la Patria por S.E. el Jefe de Estado y Caudillo Don Francisco Franco Bahamonde que en trance grave pasa en tradición y espíritu, supo conducir a la victoria sobre nuestros enemigos en una guerra de liberación a la que se entregó con un genio conductor que asombró al mundo, dotes de mando y genio político que cada día adquiere mayor relieve internacional por su acierto, levantando el cerco político-económico que la mentira e insidia habían puesto a nuestra Patria, son méritos que los altos órganos de la nación vienen reconociendo, pero es deseo de esta corporación el hacer constar nuestro eternos agradecimiento en forma individual, aunque dentro de nuestra modestia, y por aclamación, dentro del mayor entusiasmo y como fervoroso homenaje de admiración, cariño y gratitud se acuerda nombrar Hijo predilecto y Alcalde Honorario de este ayuntamiento a S. E. Don Francisco Franco Bahamonde, Jefe del Estado y Caudillo de la Patria”.

Dita homenaxe foi publicitada adecuadamente na Memoria da Xestión Municipal dos anos 1940 a 1950, xunto coa imaxe do dictador e o texto “Hijo predilecto y alcalde honorario de este Ayuntamiento, a quién proximamente se rendirá homenaje de gratitud y cariño entregándole la Medalla de Oro de la Villa de El Grove”.

Pasadas as páxinas máis escuras da historia do noso país, é de rigor corrixir aquelas cousas que son corrixibles buscando a xustiza sobre as que non o son. Deste xeito e tendo en conta as circunstancias anteditas preséntase a seguinte Moción para o seu debate e aprobación en Pleno:

1. Retirar os honores de Fillo Predilecto, Alcalde Honorario e Medalla de Ouro da Vila ao dictador Francisco Franco.
2. Facer constar a referida retirada nas actas municipais e no arquivo histórico do Concello.
3. Engadir un encarte nas actas do pleno do 20 de setembro de 1949 no que se faga constar esta moción e a consecuente retirada de honores para que dita circunstancia quede claramente explicada a xeracións vindeiras.

En O Grove, a 18 de maio de 2016

O Alcalde

Jose Cacabelos

